

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 6 de abril de 2021

Hora de comezo: 16:00 h

Hora de remate: 18:10 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Susana María Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Artes e Humanidades)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

María Paloma Morán Martínez (responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta das sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Validación, se procede, das declaracións de interese das modificacións / novos programas de doutoramento para o curso 2022/23
4. Análise do informe de resultados de satisfacción das enquisas ao estudiantado do curso 18/19 e 19/20, de 1º e 3º ano e toma de accións de mellora
5. Validación, se procede, da Memoria de Calidade da Eido 2019/20
6. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 23 de outubro de 2020.

2 Informe da presidencia

O director da EIDO da a benvida aos novos membros da Comisión, dous profesores (ámbito Artes e Humanidades e ámbito Científico) e un estudante do ámbito da Enxeñaría.

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas: a situación dos programas a implantar no 2021/22 e que a aínda non chegou resposta dos programas enviados á ACSUG, tanto no de seguimento (P.D. Educación, deporte e Saúde) como os de verificación (P.D CC. Sociais e Envellecemento e P.D. Matemáticas e Aplicacións).
- Seguimento e renovación de acreditación: a data límite de peche de documentación en Avalía será o 30 de maio e as visitas virtuais entre xuño e outubro. O seguimento será interno coas mesmas datas do externo.
- Medición da satisfacción: a avaliación do PAS será no mes de Maio como grupo de traballo. Para os egresados, elaborárase para a vindeira comisión un breve cuestionario que sexa útil para doutoramento e que o envíe o observatorio de egresados.
- HR: estase a traballar para que os investigadores predoutorais alleos (perfil R1) en estada teñan as mesmas condicións e dereitos que o resto do estudiantado propio de doutoramento, en aplicación do Regulamento do Persoal investigador visitante da UVigo.

3 Validación, se procede, das declaracións de interese das modificacións / novos programas de doutoramento para o curso 2022/23

O subdirector da EIDO informa sobre as dúas declaracións de interese de modificación recibidas:

- P.D. en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (DocTIC) correspondendo ao informe de renovación da acreditación do curso 2019/20.
- P.D. en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria correspondente ao informe de renovación da acreditación do curso 2020/21

A Comisión de Calidade aproba por asentimento validar as dúas declaracións de interese coas seguintes consideracións:

- Que no programa en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións o requisito de aval se transforme en preferencia
- Que o programa en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria teña en


consideración as recomendacións de especial seguimento que cheguen no informe de renovación de acreditación, e que no caso de non chegar este informe a tempo esperen para a modificación ao vindeiro curso.


4 Análise do informe de resultados de satisfacción das enquisas ao estudiantado do curso 18/19 e 19/20, de 1º e 3º ano e toma de accións de mellora

O subdirector da EIDO informa que nas últimas enquisas de estudantes realizadas no mes de outubro de 2020 (correspondentes ao estudiantado de primeiro e terceiro curso dos cursos 2018/19 e 2019/20) houbo un problema coa configuración da confidencialidade na aplicación informática que fixo que os resultados non podan desagregarse por programa de doutoramento. Trátase dunha incidencia puntual (a vindeira enquisa, prevista para outubro de 2021, debería funcionar con normalidade). A continuación ábrese un debate sobre se é pertinente repetir as enquisas.

A Comisión de calidade aproba por asentimento non repetir as enquisas.

O subdirector da EIDO comenta os resultados globais das enquisas comparándoas coas realizadas previamente. Nos gráficos pódese apreciar a resposta ano a ano para as diferentes preguntas. O primeiro gráfico corresponde ao alumnado de primeiro e o segundo aos de terceiro.





O subdirector da EIDO comenta os aspectos cos peores resultados nas enquisas. Na de primeiro o único punto no que o resultado está por debaixo do obxectivo (liña verde de puntos) é o coñecemento do sistema de bolsas.

Na enquisa de terceiro, os aspectos que non superan o obxectivo son o coñecemento de bolsas/contratos posdoutorais, a información das saídas profesionais e o coñecemento dos trámites para a defensa da tese.

A Comisión de calidade acorda impulsar que na Web da EIDO exista un apartado sobre bolsas e que se creen tutoriais para procedementos e feitos por egresados e que se poida acceder a eles na Web.

5 Validación, se procede, da Memoria de Calidade da Eido 2019/20

O técnico superior de calidade comenta os aspectos máis salientables da Memoria de Calidade da EIDO 2019/20. Esta pretende ser unha revisión anual formal do SGC. Posto que é a primeira ten carácter histórico.

O que pretende é verificar a adecuación do SGC á realidade actual, verificar a súa eficacia, provocar análises e debates para desencadear propostas de mellora, revisar a estratexia de calidade da Eido (política e obxectivos) e contribuír a realizar un seguimento do estado de situación xeral dos PD.

O modelo adoptado foi o de memoria orientada á transparencia e rendemento de contas, polo que estará publicado en aberto, cunha linguaxe máis adaptada e en liña cos estándares de sostibilidade. E é de calidade porque engloba ao SGC e a outros programas de calidade na formación e na investigación.

Por último, a súa estrutura é: SGC, Programas na formación (Verificación, Seguimento, Modificación e Renovación da acreditación), Programas de investigación (HR), Programas transversais (QSP e enquisas de satisfacción) e Resultados. En todos estes apartados identifícanse os aspectos positivos e os mellorables, facendo un plan de melloras para o curso 2021/22.

O representante dos estudantes comenta que lle parece elevado o resultado da duración das teses, e a responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar di que non lle gustan as fotos porque dan unha impresión informal á Memoria.

Apróbase por asentimento validar a memoria e remitila ao Comité de Dirección para a súa aprobación, así como os acordos da memoria que se recollen nesta acta.

6 Rolda aberta de intervencións

O responsable de calidade dos PD do ámbito Científico agradece o sistema en liña para depositar as teses e pide que se manteña no tempo. O xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao respoosta que iso é o previsto.

Tamén solicita que a plataforma poida estar en inglés para estranxeiros. O xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao comenta que está planeado que se fagan resumos en inglés.

ACORDOS

- 1 Apróbase a actas da Comisión de Calidade da EIDO do días 23 de outubro de 2020.
- 2 Valídase a expresión de interese de modificación dos PD Tecnoloxías da Información e as Comunicacions e Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria.
- 3 Crearase un apartado na Web para mostrar información sobre bolsas pre e postdoutorais e titoriais sobre procedementos e de egresados.
- 4 Valídase a Memoria de Calidade da EIDO do curso 2019/20 e proponse a súa aprobación ao Comité de Dirección. A Memoria inclúe os seguintes acordos:
 - 4.1 Manter a política e os obxectivos de calidade sen cambios ata 2021/22
 - 4.2 Non reformar a documentación do SGC
 - 4.3 Aprobar o plan de acción de mellora
 - 4.4 Potenciar a participación dos membros da Comisión de Calidade na xestión da calidade da Eido
 - 4.5 Publicar, unha vez aprobada, a Memoria de Calidade

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

ANEXO I

MEMORIA DE CALIDADE

Disponible en el enlace:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-06/Memoria_Eido_2019-20.pdf